



Asociación pola defensa da Ría
Apdo.: 414
36080 Pontevedra
apdr@apdr.info

DELEGACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

D. José Benito Andrade González, co DNI. 35256847D e domicilio a efectos de notificación en Pontevedra, na Rúa Eduardo Pondal, 39, 1ºH, C.P. 36003, e Teléfono 986855292; como membro da Asociación pola defensa da Ría (APDR) e en representación desta asociación, desexa declarar,

Que a Asociación pola defensa da Ría (APDR) ven comprobando dende fai anos que a empresa NORFOR, filial forestal de ENCE, leva a cabo prácticas forestais que están a provocar un grave impacto ambiental que se traduce nunha forte erosión, nunha dramática perda de biodiversidade, na contaminación con herbicidas e insecticidas de augas superficiais e subterráneas, nun incremento do risco de incendio forestal, nunha drástica perda de calidade visual das paisaxes e nunha perda de valor dos recursos forestais.

A APDR xa presentou denuncia contra a empresa NORFOR o 23 de setembro de 2005 diante desa Consellería de Medio Rural pola acumulación de biomasa altamente combustible nas súas parcelas produto da utilización masiva de herbicidas para provocar o marchite e seca acelerados da vexetación subarbórea.

A xestión forestal de NORFOR, baseada na intensificación do laboreo forestal aínda a costa de provocar danos ambientais severos e irreversibles, ten levado a empresa ao incumprimento da lexislación aplicable e máis concretamente ao incumprimento do Decreto 81/1989 do 11 de maio, sobre medidas de ordenación das novas plantacións co xénero *Eucalyptus*; NORFOR ten realizado plantacións de máis de 5 hectáreas sen solicitar a correspondente autorización, tal e como establece o citado decreto e sen adicar ningunha parte da plantación ás especies autóctonas.

A ilegalidade da xestión forestal de NORFOR, ten levado á Delegación provincial de Pontevedra da Consellería de Medio Rural a denunciar a esta empresa polo incumprimento do Decreto 81/1989 nas parcelas xestionadas pola empresa en Cuñas no Concello de Ponte Caldelas e Quintás no concello da Estrada.

Dado o interese que, coma organización de defensa ambiental, ven mantendo a APDR polas malas prácticas forestais levadas a cabo pola empresa NORFOR e dado que a participación cidadá nos procedementos abertos Administración, a través de organizacións non guberamentais, contribúe a un mellor esclarecemento das circunstancias nas que se producen as accións ilegais e animan aos infractores a evitar as accións ilegais, contribuíndo á conservación das condicións dos sistemas naturais.

A Asociación pola defensa da Ría solicita,

Que sexa considerada coma parte no expediente aberto contra NORFOR e, en consecuencia, se lle comuniquen todas as incidencias que afecten ao mesmo.

Que se lle conceda trámite de audiencia para poder ter acceso á documentación contida no expediente aberto contra NORFOR.